

Obxectivos:

Nun contorno cambiante cheo de desafíos, a Administración pública e os seus principais valores, o persoal que nela traballa, deben adaptarse á nova realidade social. O obxectivo deste curso monográfico é axudarlles a anticipar eses cambios coa vista posta no ano 2020, que marcará o inicio da terceira década do século XXI, a que moitos coinciden en chamar “a década paradigmática” polo cambio de paradigma que representará.

Neste novo contexto de necesaria renovación, as administracións e o seu persoal deberán optimizar a súa solvencia económica, técnica e profesional; mellorar a súa resonancia como elementos identitarios de referencia; incrementar os seus niveis de integración no espazo global ao que pertencen; avanzar en transparencia e axustar as súas dimensións; aumentar a eficiencia de todos os seus recursos, en especial a excelencia dos seus valores humanos; expoñerse dunha maneira máis próxima e comprensible á cidadanía, convertendo a comunicación e a oratoria en dúas das súas ferramentas esenciais; tomar conciencia do seu papel social e representalo con motivación; e interactuar con suficiencia na contorna dixital.

Solvencia, resonancia, integración, transparencia, eficiencia, excelencia, comunicación, oratoria, motivación e interacción. Dez eixos vertebradores esenciais para que a Administración afronte con éxito o reto do ano 2020.

Destinatarios:

O curso dirixese aos empregados das administracións públicas de Galicia, preferentemente da Administración local, e ao persoal da Administración institucional e dos entes instrumentais do sector público de Galicia.

Convocatoria:

DOG núm. 56, do 21 de marzo de 2017.

Lugar de desenvolvemento:

Escola Galega de Administración Pública (EGAP).
R/ Madrid, 2-4. Santiago de Compostela.

Información e matrícula:

Teléfonos: 981 546 239/ 981 546 241

Correo: novas.egap@xunta.gal

Web: <http://egap.xunta.gal>



galicia

EGAP

ESCOLA GALEGA
DE ADMINISTRACIÓN
PÚBLICA



PROGRAMA

Martes, 4 de abril de 2017

Mañá

09:30 h. Inauguración.

10:00 h. **Ser funcionario, ser diferente.**

Carolina Lodeiro Malde. Directora de *Wayna Consultores.*

11:00 h. Pausa-café.

11:30 h. **Integración e integridade municipal.**

Alberto Pazos Couñago. Director xeral de Administración local da Xunta de Galicia 2013-2016.

12:45 h. **Un concello de Europa.**

Maru Pardal. *Yepp Europa.*

14:00 h. Fin da sesión da mañá.

Tarde

16:00 h. **Funcionario: marca persoal.**

Modesto Gómez Rodríguez. Director de *Enxeño Galicia.*

17:00 h. **O funcionario excelente.**

Modesto Gómez Rodríguez. Director de *Enxeño Galicia.*
José Oreiro Pérez. Director de *Adecco Galicia.*

Dirección académica:

Modesto Gómez Rodríguez, director de *Enxeño Galicia.*

Mércores, 5 de abril de 2017

Mañá

09:30 h. **A comunicación dun concello.**

Sandra Rodríguez Álvarez. Directora de *Growcom.*

10:30 h. **O funcionario orador.**

Santiago Martínez Suárez. Consultor político e campeón nacional de debate.

11:30 h. Pausa-café.

12:00 h. **Redes de desenvolvemento local.**

José Sixto García. Director do Instituto de Medios Sociais.
Fernando Rodríguez. Director de *Con C de Comunicación.*

13:30 h. Clausura.



NOTA: Por motivos alleos á EGAP, este programa pode sufrir algunha variación.
As actualizacións pódense consultar na páxina web da Escola (<http://egap.xunta.gal>)